O dereito ao esquecemento


XULIO VALCÁRCEL
xuliolv@gmail.com

As novas tecnoloxías establecen novos, complexos e inquietantes dilemas nos que se enfrontan intereses e dereitos dispares




Ilustración de Gosia Trebacz | CEDIDA

"Donde habite el olvido/, en los vastos jardines sin aurora/, donde yo sólo sea/ memoria de una piedra, sepultada entre ortigas,/ sobre la cual el viento escapa a aus insomnios...", escribe Luis Cernuda. Durante séculos os mortos permaneceron na memoria dos vivos a través de retratos, obxectos, cartas, algunha alfaia, algunha anécdota repetida nas reunións familiares. O tempo encargábase de esvaecer o xeito de camiñar, a voz e os xestos. Ese lento borrado parece cruel pero formaba parte do dó. Esquecer era aceptar que o ser querido xa non estaba.

Porén, na actualidade, a técnica permite evitar esa desaparición. Mirar unha fotografía, escoitar unha voz gravada, lembrar unha frase ou un xesto pertence a unha intimidade plausible. Cousa ben distinta é reconstruír artificialmente a imaxe da persoa para manter a ilusión de que continúa viva e entre nós. Gardamos fotografías, vídeos, mensaxes... Podemos conservar a imaxe dun antepasado, máis aínda, reproducila artificialmente e facer que comente o que quizais non desexaría, responda a preguntas que nunca se lle fixeron ou sorría nun holograma para solaz dos seus descendentes. A tecnoloxía do futuro (xa actual) non se limitará a preservar o pasado, poderá fabricar unha continuidade tan conseguida e aparente como falsa.

Cabe, pois, preguntarnos: a quen pertencen a imaxe e a voz dun morto? Imaxe e voz que aglutinan carácter, personalidade, biografía. Se alguén pode reconstruílas, pode obrigalas a "dicir" algo que a persoa nunca dixo e seguramente nunca diría. O falecido queda indefenso ante a posteridade. Non pode desmentir, retirar o consentimento, indignarse, denunciar, esixir respecto. A súa imaxe pode ser modificada, a súa voz falsificada, os seus xestos manipulados sen que ninguén responda dese agravio.

Sería, xa que logo, necesario contemplar o dereito ao esquecemento. Non ao esquecemento absoluto —imposible mentres alguén nos lembre— pero si ao repouso da propia identidade, a que aquilo que fomos non sexa reconstruído, intervido nin utilizado cando xa non podemos opoñernos nin negarnos: Deixar morrer os mortos. Existe, ademais, unha dignidade nese respecto ao silencio: quen morreu deixou pronunciadas as palabras que quixo ou puido pronunciar, e non deberiamos poñer ningunha outra nos seus labios.

Esquecemento

O esquecemento cumpre así unha función misericordiosa, ao desgastar a dor para permitirnos seguir vivindo. Co paso dos anos, os rostros dos nosos seres queridos tórnanse imprecisos, pérdense detalles e recordos, eslúense matices que antes lembrabamos con viveza e nitidez. En ocasións sentimos remorsos ante esa perda, coma se esquecer fose traizoar, cando en realidade é a única maneira que ten a vida de facerlle sitio á vida.

Finalmente, non todo o que podemos conservar temos obriga de conservalo, nin todo o que tecnicamente podemos "resucitar" temos dereito a resucitalo. Respectar a quen amamos consiste en gardar a súa memoria sen apropiarnos da súa identidade.

Fronte á tentación tecnolóxica de facelo todo presente e para sempre, deberiamos comprender o valor da ausencia, do silencio e do acougo.